



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en marzo de 2024

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2024 acadou a cifra de 1.061.595 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de febreiro de 2024 de 6.577 afiliacións (0,62%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.901.967, rexistrando un incremento do 0,93% con respecto ao pasado mes de febreiro.


Na comparativa interanual (marzo de 2024 con marzo de 2023) obsérvase un aumento de 18.064 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,73%) e un aumento do 2,58% (525.414 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2024, rexístrase un aumento das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Illes Balears cun incremento do 6,93%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias e Madrid con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.901.967	193.585	0,93	525.414	2,58
Galicia	1.061.595	6.577	0,62	18.064	1,73
Andalucía	3.399.317	47.939	1,43	65.312	1,96
Aragón	607.660	2.596	0,43	12.742	2,14
Asturias	379.685	3.286	0,87	7.120	1,91
Illes Balears	514.171	33.322	6,93	20.712	4,20
Canarias	906.254	3.057	0,34	33.553	3,84
Cantabria	227.307	2.799	1,25	3.334	1,49
Castilla La Mancha	763.645	2.419	0,32	12.862	1,71
Castilla y León	959.589	5.279	0,55	19.528	2,08
Cataluña	3.731.081	32.548	0,88	93.978	2,58
Comunitat Valenciana	2.129.577	21.495	1,02	61.038	2,95
Extremadura	406.035	1.416	0,35	3.486	0,87
Madrid	3.660.920	17.002	0,47	128.528	3,64
Murcia	652.824	7.179	1,11	20.557	3,25
Navarra	305.814	1.254	0,41	4.877	1,62
País Vasco	1.012.128	4.561	0,45	17.472	1,76
La Rioja	136.606	627	0,46	2.522	1,88
Ceuta e Melilla	47.760	229	0,48	-272	-0,57

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,27%, seguida de Pontevedra (1,55%), Ourense (1,03%) e Lugo (0,88%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,62%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación intermensual positiva: A Coruña (0,85%), Lugo (0,60%), Pontevedra (0,48%) e Ourense (0,16%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	462.479	3.908	0,85	10.264	2,27
LUGO	123.746	743	0,60	1.079	0,88
OURENSE	104.816	165	0,16	1.071	1,03
PONTEVEDRA	370.554	1.760	0,48	5.651	1,55
GALICIA	1.061.595	6.577	0,62	18.064	1,73
ESPAÑA	20.901.967	193.585	0,93	525.414	2,58


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,95% das afiliacións galegas en marzo de 2024, aumentaron un 0,67% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,41%. En España estas taxas foron do 1,02% con respecto a febreiro de 2024 e do 2,92% en relación ao mes de marzo de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,48%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,46%), Ourense (-0,95%) e A Coruña (-0,05%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,12%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,31%. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2024, suben as afiliacións nas catro provincias galegas: A Coruña (0,35%), Pontevedra (0,33%), Ourense (0,16%) e Lugo (0,09%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,28%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,92% e unha subida intermensual do 0,46%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2023, baixan as afiliacións na Coruña (-5,34%), Pontevedra (-5,00%) e Lugo (-3,66%). A taxa galega acada entón o -4,99%, inferior á de España (-1,68%). Con respecto a febreiro de 2024, A Coruña (5,73%), Lugo (3,30%) e Pontevedra (0,71%) presentan unha taxa de variación intermensual positiva. A taxa galega amosa un incremento do 2,25% con respecto a febreiro de 2024. A taxa nacional é do 3,72%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2024	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	462.479	0,85	2,27
LUGO	123.746	0,60	0,88
OURENSE	104.816	0,16	1,03
PONTEVEDRA	370.554	0,48	1,55
GALICIA	1.061.595	0,62	1,73
ESPAÑA	20.901.967	0,93	2,58
R. XERAL			
A CORUÑA	373.587	0,90	2,92
LUGO	90.927	0,74	1,79
OURENSE	82.411	0,16	1,59
PONTEVEDRA	291.175	0,50	2,18
GALICIA	838.100	0,67	2,41
ESPAÑA	17.487.631	1,02	2,92
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	83.720	0,35	-0,05
LUGO	31.407	0,09	-1,46
OURENSE	22.404	0,16	-0,95
PONTEVEDRA	67.316	0,33	0,12
GALICIA	204.848	0,28	-0,31
ESPAÑA	3.352.950	0,46	0,92
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.172	5,73	-5,34
LUGO	1.412	3,30	-3,66
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.063	0,71	-5,00
GALICIA	18.647	2,25	-4,99
ESPAÑA	60.489	3,72	-1,68

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>